

BENQUERIDAS FAMILIAS:



Achegámonos a festividades propias da nosa Comunidade Autónoma, como son o Samaín e Magosto: **Samagostín 2021**. Festas tradicionais que nos enchen de riqueza cultural, e que a Comunidade Educativa queremos festexar. Coidando do esforzo que supón cada día o respecto polas medidas sanitarias, ímos celebrar a festa do Samaín e Magosto o **VENRES 29** de **OUTUBRO**, coas seguintes iniciativas:

O alumnado poderá vir, ese día, **Disfrazado**. Xa o ano pasado, apelamos á sobriedade nos disfraces evitando, na medida do posible, complementos que sexan susceptibles de estar tirados no chan dadas as medidas a aplicar de limpeza extras. Un disfraz sinxelo e que non dificulte a autonomía das cativas e cativos, como poden ser os disfraces dunha soa peza.

Respecto ás **Merendas**, e tendo en conta que non poden ser compartidas, o venres poden traer unha merenda terrorífica no relativo á festa (arañitas, dedos terroríficos, biscoito de cabaza...) para o seu gozo individual.

No relativo á **Exposición** de **Cabazas** retomamos a exposición presencial das mesmas, como viñamos facendo antes do Covid. Cada participante voluntario deberá traela ao cole o **Mércores 27 de Outubro**.

Grazas á colaboración das familias, o alumnado poderá gozar de **Castañas Asadas** o día da celebración, polo que cada alumnx traerá ao cole un puñado das mesmas (xa picadas) ao longo da semana, como tope o **Mércores 27 de Outubro** para así poder organizalas.

Moitas grazas pola vosa constante colaboración!